



Por que non retiramos a sinatura do **Acordo sobre medidas de mellora?**

Seguimos loitando pola aplicación íntegra do Acordo. Retirar a sinatura podería supor o seguinte:

- **Perder 556 docentes** incorporados no curso 24-25
- A **supresión de ata 204 aulas** que se mantiveron abertas grazas ao Acordo e, polo tanto, a **supresión de ata 300 postos docentes**
- A **volta ás ratios de 25** alumnos/as en todos os niveis de Infantil e Primaria
- **Ningún alumnado computaría dobre ou triplo** a efectos de ratio
- O **alumnado repetidor non computaría** a efectos de ratio
- O **incremento das ratios en aulas mixtas**: de 14 a 25 en Infantil e tamén a 25 en Primaria
- A paralización da **aplicación progresiva das ratios de 25 en Secundaria e 30 en Bacharelato**
- **Incrementar 2 horas lectivas semanais** para mestres/as, e polo tanto, **2 horas máis de permanencia semanal no centro**
- Elimínase o **compromiso de negociar a redución do horario lectivo no resto de corpos** cando se aborde a nova xornada de 35 h. do persoal da Xunta
- A Administración non tería obriga de publicar un **plan para racionalizar a burocracia**
- Perder a **posibilidade de reunirse telematicamente** os órganos colexiados e de coordinación docente
- Unha **redución salarial de 60 euros/mes** para os **equipos directivos**, incluídas as **persoas responsables de centros de menos de 3 unidades**
- Unha **redución retributiva para todo o profesorado** en función dos seus sexenios:

Sexenios	Menos ao mes	Menos ao ano
0	10,14€	141,96€
1	23,90€	334,60€
2	41,58€	582,12€
3	65,16€	912,24€
4	98,57€	1.379,89€
5	108,68€	1.521,52€

- Reducirse á metade as **axudas de reintegros por gastos de formación**
- **Suprimirse as licenzas por formación non retribuídas** para a realización de estudos universitarios, que foron recuperadas grazas ao Acordo

Ademais, debido á intensa baixada da natalidade, sen este Acordo suprimiríanse máis de 800 aulas e arredor de 1200 docentes nos vindeiros tres cursos

A nosa folla de ruta é clara:

denuncia pública, mobilización, acción institucional e vía xudicial

Seguiremos esixindo o cumprimento íntegro do Acordo ata as últimas consecuencias, **sen descartar ningunha medida de presión**

Cumprir os acordos non é unha opción, é unha obriga!